


Zotero 7 é un xestor de referencias bibliográficas gratuito de software libre para Windows, MacOS, Linux iOS e iPadOS, que permite:

- Crear unha base de referencias e achegar arquivos (**300 Mb** de espazo).
- Gardar capturas de páxinas web.
- Ler, anotar e traballar con pdfs, ePubs e webs.
- Xerar bibliografías e inserir citas nun Word ou LibreOffice.
- Compartir carpetas con outros usuarios (Grupos).
- Sindicación de contidos de RSS Feed.


ACCESO E INSTALACIÓN <https://www.zotero.org/>

Hai dous ámbitos de traballo:

- Zotero web, ao crear a conta.
 - Zotero escritorio, que descargamos en *Download*.
- Ambas versións sincronízanse. A versión de escritorio é máis completa para traballar coas referencias.



Zotero de escritorio:



Zotero escritorio organízase en tres zonas (igual que Zotero web):


- A columna da esquerda coas carpetas (bibliotecas e coleccións), grupos e Fontes RSS.
 - A zona central cos rexistros da carpeta seleccionada.
 - A columna da dereita, onde se visualizan todos os datos da referencia seleccionada.
- En Zotero escritorio hai un menú superior e unha barra de navegación vertical á dereita, para as

funcionalidades. **Sincronízanse** con Zotero web premendo en arriba á dereita.

- Incorporar referencias:

Co conectar para o navegador

Desde *Download* instalamos unha extensión no navegador (Chrome, Firefox ou Safari) que captura os rexistros que detecta na pantalla. Hai que ter aberto Zotero. Prememos o botón do navegador, que terá unha icona distinta segundo o tipo de documento detectado. Se é unha carpeta (conxunto de documentos) ábrese unha xanela coas referencias. Marcamos as que nos interesan, e a carpeta na que queremos incorporalas.




Arrastrando un pdf

Se arrastramos un pdf sobre a área central, se ten os metadatos creará a referencia.


Buscar rexistros por ISBN, DOI, e outros

identificadores: Empregando o botón



Entrada Manual:

Desde o botón seleccionamos o tipo de documento e enchemos os campos.



Importando ficheiros:


Gardamos un arquivo de texto no computador (**RIS** ou **BibText** que ofrecen moitas bases de datos) e importámolo desde o menú *Archivo -> Importar*.

Desde o lector de canais RSS:

Desde o menú *Archivo -> Nueva biblioteca -> Nuevo Canal -> Desde URL*.

Pegamos a Url obtida na base de datos ou web e poñémolle un título.

Cando se van actualizando e incorporando referencias poderemos *Añadir a mi biblioteca* as que nos interesen desde o canal da columna esquerda.



- Editar e traballar coa información:

-Creamos **carpetas** no botón e co botón dereito do rato podemos darlles outro nome, crear outra carpeta dependente, eliminala ou exportala. Para meter referencias arrastrámolas.

-Co botón dereito do rato sobre unha referencia podemos borrarla, sacala da carpeta, engadirle unha nota, un adxunto, duplicala, exportala, buscala en liña, etc.


-Na **columna lateral dereita** móstrase o rexistro completo da referencia seleccionada. Podemos modificalo e engadir notas e adxuntos.

-Facemos **buscas** desde a caixa da barra de ferramentas ou busca avanzada, no menú **Editar**.


-Buscamos o documento en liña no menú lateral dereito na icona

-Na columna esquerda temos **Elementos duplicados**, **Elementos retirados** (artigos retractados), **Elementos sin archivar** e **Papelera**.

-Se temos un pdf ou ePub podemos velos co **Lector de documentos**, nunha pestana que creamos ao premer dúas veces sobre o documento co botón esquerdo do rato. Permite engadir notas, subliñar, crear referencias bibliográficas...



-Co conector capturamos **webs**. Agora queda a imaxe da web e con dobre click ábrese desde o lector de documentos e pode anotarse, subliñarse,...




-Para crear e buscar **Grupos** é mellor facelo desde a pestana **Groups** de Zotero web.

- Crear listaxes bibliográficas:

Poñémonos sobre a carpeta ou marcamos as referencias, co botón dereito do rato escollemos no menú **Crear bibliografía a partir de la colección...** e eliximos estilo e idioma.

En **Gestionar estilos** atopamos outros estilos e marcamos que se inclúan as **Urls** nas referencias.




Tamén podemos seleccionar e arrastrar as referencias a Word.

- Inserir citas e crear bibliografías nun texto co plugin para Word ou LibreOffice:

Herramientas → **Extensiones**

Creáenos unha pestana de Zotero en Word para inserir as citas e crear a bibliografía:



Tamén hai complemento para **Google Docs**.

Para saber máis:

https://guiasbib.upo.es/zotero/que_es_zotero

